

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PRECIOS PÚBLICOS DO SERVICIO MUNICIPAL DO ABASTECIMENTO DE AUGAS.

FUNDAMENTO LEGAL.

Artigo 1º.-De conformidade co disposto no artigo 117, en relación co artigo 41, letra B), da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese o precio público polo subministro de auga na Vilas de Bóveda e Rubián e demais parroquias do Municipio, que se rexirá pola presente Ordenanza.

SUXETO PASIVO.

Artigo 2º.-Atopáanse na obriga ó pago do precio público polo subministro de auga as persoas físicas ou xurídicas e que se beneficien da prestación do servizo ou actividade administrativa.

BASES DE PRECEPCIÓN.

Artigo 3º.-As constituen os mandamentos consignados no artigo seguinte.

TIPOS DE GRAVAMEN.

Artigo 4º.- 1. A contía do precio público regulado nesta Ordenanza será fixado nas Tarifas contidas no apartado seguinte:

2.-a) CUOTA DE MANTENEMENTO:

1,20 € ó mes/ 2,40 € bimestre

b) USOS DOMÉSTICOS: **Tarifa A**

A1: Precio por metro cúbico: **0,240405 €/m3**, Mínimo a facturar 10 m3/mes.

A2: Para consumos mensuais superiores a 30 m3, **0,360607 €/m3**.

c) USOS INDUSTRIAIS E GANDEIROS

Para actividades suxeitas a Licencia Fiscal

Tarifa I: Precio do m3 consumido e facturado **0,270446 €**

d) MEDIDORES DE CONSUMO AVARIADOS: **Tarifa R**

-USOS DOMESTICOS:

R1: No suposto de que os consumos medios dos tres meses anteriores a avaria esté comprendido na tarifa A1, pagarán unha cuota de **24.04 €/mes** mentres dure a avaria aparte a liquidación a que se refire o artigo 30 da Ordenanza da prestación do Servizo Municipal de Abastecemento de augas.

R2: No suposto de que o consumo medio dos tres meses anteriores a avaria está comprendido na tarifa A2, pagarán unha cuota de **60,10 €/mes** aparte da liquidación a que se refire o artigo 30 da

Ordenanza da prestación do Servicio Municipal de Abastecemento de Augas.

-USOS INDUSTRIAIS

R3: No suposto de que o consumo medio dos tres últimos meses anteriores a avaría fose inferior a 100 m3, pagará unha cuota de **120,20 €/mes** mentres dure a avaría, aparte a liquidación a que se refire o art. 30 da Ordenanza da prestación do Servicio Municipal de Abastecemento de Augas.

R4: No suposto de que o consumo medio dos tres meses anteriores a avaría fose inferior a 100 m3 e inferior os 1.000 m3, pagarán unha cuota de **270,46 €/mes**, aparte a liquidación a que se refire o artigo 30 da Ordenanza da prestación do Servicio Municipal de Abastecemento de Augas.

R5: No suposto de que os consumos medios dos tres meses anteriores a avaría fose superior ós 1.000 m3, pagarán unha cuota de **480,81 €/mes** mentes dura a avaría, aparte a liquidación a que se refire o artigo 30 da Ordenanza da prestación do Servicio Municipal de Abastecemento de Augas.

e) DEREITO DE ENGANCHE Tarifa B

Por dereito de enganche, unha vez solicitada e concedida a alta: **90,15 €**

f) DEREITO DE TALADRO E ACOMETIDA. Tarifa C

Por dereito de taladro e acometida na rede de distribución a satisfacer unicamente polos propietarios das fincas que non contribuíran a satisfacer os gastos do primeiro establecemento da rede xeral, o mesmo importe que a cuota individual mais alta satisfeita para financia-lo gasto de primeiro establecemento da rede de abastecemento de augas do lugar no que se solicita a acometida, incrementada no mesmo tanto por cento que o Índice de Precios ó Consumo acumulado a contar dende a data na que tivo lugar a entrega da rede ó Concello

EXACCIÓN

Artigo 5º.-Non se recoñece ningunha.

OBRIGACIÓN DE PAGO.

Artigo 6º.-Esta nace da utilización e aproveitamento do servico polos particulares, empresas, sociedades e corporacións, están obrigados ó pago os que utilizen ou realicen o seu aproveitamento, e no seu caso, os representantes legais.

artigo 7º.-As deudas por precios públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio, según establece o artigo 47.3, da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

TÉRMINOS E FORMA DE PAGO.

Artigo 8.-1. A recaudación do importe da auga faráse mediante recibo en períodos bimestrais e conxuntamente cos recibos bimestrais do servico de abastecemento domiciliario de auga.

2. Transcorrido o prazo dun mes dende a posta a cobranza dos recibos, período de cobramento en voluntaria, sen haber aboado o importe do mesmo, e despois de haber efectuado a reclamación do pagamento por medio de notificación, sen satisfice-lo seu importe no prazo de dez días contados a partir do seguinte o da recepción da notificación, o concello pode suspender-lo subministro de auga o abonado e ademais retirarlle o servico, dándolle de baixa por falta de pago.

Tanto as altas como as baixas dos abonados liquidaránse por meses completos, se prexuízo de

que a petición sexa atendida inmediatamente.

Artigo 9º.-A cobranza dos dereitos consignados nas tarifas, C, D, efectuaráanse mediante factura-recibo que poñerá ó cobro Depositaria, previa liquidación practicada o efecto no Concello.

Artigo 10º.-As reclamacións sobre a recaudación por posibles erros de cálculo e outros motivos, efectuaráanse no Concello, acompañando os recibos que conteñan erro ou omisión.

Artigo 11º.-O subministro de auga limitarase a zona comprendida na distribución.

APROBACIÓN E VIXENCIA.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación da Ordenanza Fiscal, aprobada por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada ó día dez de decembro de mil novecentos noventa e sete, entrará en vigor ó día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comenza a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.